

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e sete de febreiro de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa e don Eliseo Fernández Gómez, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco, don Álvaro Vila Araújo e dona M.<sup>a</sup> del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende, asistido do vicesecretario don Juan Marquina Fuentes.

O secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto noveno da orde do día, sendo substituído polo vicesecretario don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste o deputado do Grupo Popular, don Julio Pérez Carballo.

No desenvolvemento da sesión estiveron ausentes nas votacións dos seguintes puntos os deputados que se relacionan:

**Punto 4º.-** D. Miguel Bautista Carballo (Grupo Socialista), don Avelino García Ferradal e don José Antonio Feijóo Alonso (Grupo Popular).

**Punto 5º.-** D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco (Grupo Socialista) e don José Antonio Feijóo Alonso (Grupo Popular).

**Punto 6º.-** D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco (Grupo Socialista) e don José Antonio Feijóo Alonso e don Antonio Pérez Rodríguez (Grupo Popular).

**Punto 7º.-** D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco (Grupo Socialista) e don José Antonio Feijóo Alonso e don Antonio Pérez Rodríguez (Grupo Popular).

**Punto 11A.-** D. Francisco Rodríguez Rodríguez (Grupo Popular).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: <http://videoacta.depourense.es>, no seguinte enlace:

[Ver acta pleno](#)

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE XANEIRO DE 2015.-**

O Sr. presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de xaneiro de 2015.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

**2º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO ACADADO O 12 DE FEBREIRO DE 2015 ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, A REPRESENTACIÓN DE CCOO E O COMITÉ DE EMPRESA NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN, PARA A MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓN DE TRABAJO DO PERSOAL FUNCIONARIO E O CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Ratificar o acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial, do 12 de febreiro de 2015, cos sindicatos CCOO e o Comité de Empresa da Deputación, para a modificación dos artigos 54 e 55 do acordo regulador do persoal funcionario e do convenio colectivo do persoal laboral.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

### **3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA EN CONTRA DO TRASLADO DE PACIENTES DA COMARCA DA LIMIA AO HOSPITAL DE VERÍN.-**

O Sr. presidente cédelle á Sra. Lama Fernández, do Grupo Socialista, para que defenda o contido da seguinte moción:

*“No Plenario do pasado mes de xaneiro dende o Grupo Socialista defendemos nesta institución unha proposta de acordo para que a Xerencia de Sanidade de Ourense dotara de mais medios estruturais, humanos e materiais ós Centros de Saúde dos Concellos e tamén ás urxencias do CHUO de Ourense. É por todos sabido que se está a producir un auténtico caos, froito do colapso e da nefasta xestión da Sra. Eloína Núñez, como responsable directa e executora das directrices do Goberno do PP, e que vostedes co seu voto naquela moción se converten en cómplices destas decisións, indo en contra dos intereses dos veciños ós que representan.*

*O que era un rumor tornouse á semana seguinte nunha decisión firme, trasladar ós pacientes de 11 concellos da Comarca da Limia, aproximadamente 20.000 persoas, ás urxencias de Medicina Interna e Neurocirurxía para Verín para tentar paliar o caos mencionado no CHUO de Ourense.*

*Unha peregrinación de pacientes en busca de cura para as súas doenzas, que comeza na súa casa, pasa polo centro de Saúde do seu pobo, ou polo PAC de Xinzo e continua viaxe a Verín, e si o especialista xa non se atopa seguen coa viaxe ata o CHUO de Ourense onde tras varias horas ou días... acaban dándolle a alta, as veces temeraria...para volver o cabo duns días con doenzas agravadas que mesmo teñen que pasar pola UCI. Esta é a realidade.*

*A semana pasada a Sra. Eloína confesaba o que xa sabíamos, que determinadas especialidades xa se tratan en Verín dende o 2013, o cal está ben para certas patoloxías e intervencións menores, pero a decisión de trasladar as dúas especialidades mencionadas implica un calvario para os doentes, para as familias, e sobre todo un gasto que non soluciona a gravidade do problema. O resultado é que así mentres os doentes andan de peregrinación sáenlle as contas e as ratios na Consellería da Sra. Mosquera, e ó Presidente Feijoo, sae nos xornais anunciando que se reducen as lista de espera.*

*A decisión tomada pola calada foi comunicada o 6 de febreiro a tódolos facultativos da Limia, sen críticas por parte dos alcaldes, que son os que tiñan que poñer riba da mesa da Xerencia os intereses dos veciños ós que representan e non os intereses económicos e os números, que é*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

*o que o portavoz do PP nos leu no Pleno pasado para demostrar o afastados que están vostedes da realidade.*

*A solución foi ben fácil de tomar, os pacientes da Limia para Verín, así non veñen a estorbar ó Hospital de Ourense. Pero os cidadáns da Limia, non somos de segunda, podemos ir a Verín a determinadas patoloxías menores pero para ó demais, queremos a mesma sanidade que os da capital e o resto da provincia onde non teñen Hospital. De non ser así, teremos que pedir un Hospital para Xinzo.*

*Polo anteriormente exposto propoñemos a seguinte,*

***Proposta de acordo:***

***Esixir á Consellería de Sanidade que os doentes dos 11 concellos afectados da comarca da Limia reciban tratamento as súas doenzas tanto de Medicina Interna como de Neurocirurxía no CHUO de Ourense e non sexan trasladados ó Hospital de Verín”.***

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

**4º.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EFECTUADAS POLO CONCELLO DE RAMIRÁS PARA A EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE DEMOLICIÓN DE CONSTRUCCIÓN E RECLAMACIÓN DE CUSTOS EN VÍA EXECUTIVA.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (12) e do Grupo Socialista (7) e abstención dos deputados do BNG (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencia a favor da Deputación Provincial, efectuada polo Concello de Ramirás por acordo do pleno do 29 de xaneiro de 2015, para a execución subsidiaria da orde de demolición en procedemento de reposición da legalidade urbanística ao que se refire o dito acordo, así como para a recadación dos custos da dita execución subsidiaria e das multas coercitivas impostas polo Concello.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

A aceptación da dita delegación queda suxeita ás seguintes condicións:

A Deputación Provincial asumirá os custos da execución subsidiaria, que lle reclamará ao interesado, podendo empregar, se é o caso, o procedemento de recadación executiva.

Non obstante o anterior, en caso de que o interesado resultase insolvente ou falido no procedemento de recadación por causas non imputables á Deputación Provincial, os gastos soportados pola administración provincial poderán esixírselle ao concello en vía de regreso.

**5º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015.-**

O Sr. secretario dá lectura en primeiro lugar ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación. A continuación dá lectura a dúas emendas da Presidencia (unha do 23 de febreiro e outra do 26 de febreiro).

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (13) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais 2015 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

<b>PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS</b>			
	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLOS</b>	<b>TOTAL</b>
1.- Obras municipais	4.124.999,09 €	1.530.997,59 €	5.655.996,68 €
2.- Réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta	400.000,00 €		400.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	2.000.000,00 €		2.000.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.524.999,09 €</b>	<b>1.532.364,21 €</b>	<b>8.055.996,68 €</b>

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

<b>PLAN COMPLEMENTARIO</b>			
	<b>DEPUTACIÓN</b>	<b>CONCELLOS</b>	<b>TOTAL</b>
Obras municipais	4.071.000,00 €	140.861,13 €	4.211.861,13 €
Rede Viaria Deputación	1.552.000,00 €		1.552.000,00 €

2º.- Someter o Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

**6º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA REXENERACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA MUNICIPAL, N.º 43/POS/2014, NO IRIXO.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (12) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o seguinte acordo:

1º) Arquivar o expediente de expropiación forzosa para a execución da obra denominada “Rexeneración de firmes na rede viaria municipal”, n.º 43/POS/2014, no municipio de O Irixo, declarando concluso o procedemento, ante o erro na denominación do proxecto, ao considerar que o dito defecto formal pode inducir a erro en canto ao seu contido, privando de eficacia ao trámite de información pública realizado.

2º) Requirir ao Concello do Irixo para que proceda a cambiar a denominación do proxecto, axustándoa á realidade da obra proxectada, co fin de poder iniciar un novo procedemento de expropiación, unha vez emendada a deficiencia sinalada. En todo caso, na formación da relación de bens e dereitos do novo procedemento teranse en conta as alegacións da interesada.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

**7º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-1114 VILAR DE SANTOS-PONTELIÑARES, CLAVE 42/16/2014, EN VILAR DE SANTOS.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (12) e a abstención dos deputados presentes do Grupo Socialista (7) e do BNG (2) o seguinte acordo:

1. Aproba-lo proxecto técnico da obra de mellora da estrada provincial "OU-1114 Vilar De Santos – Ponteliñares", clave 42/16/2014, no concello de Vilar de Santos, así como anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.
2. Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*.
3. Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	N.º POLÍGONO/PARCELA CATASTRO	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M <sup>2</sup> <i>EXPROP</i>
19	501/1082	Rústica	Manuel Jardón Pérez	121,80
20	501/1104	Rústica	José Manuel Jardón Pérez e outros	193,80
21	501/1103	Rústica	Manuel Morales Jardón	146,10
22	501/1085	Rústica	Josefa Barja Gándara	92,77
23	501/1086	Rústica	Santos Nogueiras Jardón	36,07
24	501/1102	Rústica	Isabel Rodríguez Jardón	172,76

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

25	501/1100	Rústica	José María Losada González	37,68
26	501/1099	Rústica	Castor Rodríguez Feijoo	8,10
27	501/1097	Rústica	Celsa Rodríguez Feijoo	24,10
28	501/1101	Rústica	José Pedrás Rodríguez	216,43
29	501/1096	Rústica	José Jardón Feijoo e outra	49,80

4. Publicar e notificar este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

#### **8º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.**

Trala ratificación por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2) o seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente os estatutos do Consorcio Provincial de Ourense para o Servizo Contra Incendios e de Salvamento, conforme co acordo de resolución de alegacións da Comisión Xestora do 23 de febreiro de 2015, co seguinte texto:

#### **CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS**

##### **Artigo 1 .- Entidades consorciadas**

Ao abeiro do establecido na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, artigos 196 e concordantes, así como na demais lexislación vixente, e para dar cumprimento ao establecido nas disposicións adicional terceira e transitoria terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, constitúese o Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

Servizo contra Incendios e Salvamento, integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense.

#### **Artigo 2 .- Carácter**

O consorcio constitúese voluntariamente e por un período de tempo indefinido. Ten carácter administrativo e personalidade xurídica propia e independente das entidades que o integran, así como capacidade xurídica para o cumprimento dos fins estatutarios. O consorcio contará con patrimonio propio e desenvolverá a súa actividade conforme a un orzamento independente.

#### **Artigo 3 .- Sede**

1. A sede do Consorcio será a da Deputación de Ourense, na que se integra.
2. Por acordo do Pleno do consorcio, poderá modificarse o domicilio fixado no punto anterior ou desenvolver as reunións en lugar distinto ao do seu domicilio.

#### **Artigo 4 .- Denominación e obxecto**

1. A denominación deste consorcio será a de Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
2. Constitúe obxecto do consorcio a execución das competencias do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento que se lles atribúen na lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación, e no seu caso a creación, dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo, por calquera das modalidades de xestión previstas na lexislación.
3. Entre os fins do consorcio estará a colaboración cos servizos municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens; a prevención e extinción de incendios; a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco; e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten a persoas, edificacións e instalacións; así como o fomento da autoprotección.
4. Para a súa disolución atenderase ao previsto nos artigos 143 e 144 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como nos artigos 12 a 15 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

#### **Artigo 5 .- Ámbito de actuación**

O ámbito de actuación deste consorcio será toda a provincia de Ourense, coas seguintes precisións:

- a) Con independencia do ámbito provincial do consorcio, este poderá establecer as áreas de actuación preferente de cada parque de bombeiros, atendendo basicamente aos tempos de resposta en funcións das comunicacións por estrada do parque.
- b) Excepcionalmente, a Axencia Galega de Emerxencias, a través do Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia poderá solicitar, de acordo co protocolo que se estableza para o efecto, a actuación do consorcio fóra da provincia de Ourense, cando as circunstancias o requiran. Neste caso, o titular da Presidencia ou persoa en quen delegue deberá autorizar esta actuación, agás en casos de risco inminente, valorado pola Axencia Galega de Emerxencias, nos cales non será imprescindible a dita autorización. Neste caso, estableceranse as compensacións económicas a que houber lugar.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

c) No caso de activación de plans de emerxencia da comunidade autónoma, tanto territoriais como especiais, o ámbito de actuación será o fixado mediante as directrices do director do plan activado.

d) O consorcio asume o exercicio das competencias das entidades consorciadas cando a lexislación vixente obrigue a estas ao cumprimento dos fins expresados nestes estatutos.

e) Quedan excluídos do ámbito de actuación deste consorcio aqueles concellos de máis de 20.000 habitantes, nos que se preste o servizo de extinción de incendios e salvamento con persoal propio e teñan parque de bombeiros de seu, tanto de tipo local como comarcal, agás que se acorde polo Pleno do consorcio provincial a cooperación cos mesmos mediante os oportunos convenios de colaboración.

### **Artigo 6 .- Réxime xurídico**

1. Sen prexuízo do establecido nestes estatutos, entenderase tamén de aplicación, cando así proceda, o disposto tanto na normativa básica de réxime local, como na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de Emerxencias de Galicia e demais normativa que, se é o caso, se dite no seu desenvolvemento.

2. O consorcio regulará o réxime interno e de funcionamento dos seus propios servizos, de acordo cos presentes estatutos, coa lexislación do réxime local e do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e daqueloutras que lles sexa de aplicación.

## **CAPÍTULO II**

### **ÓRGANOS DE GOBERNO**

#### **Artigo 7 .- Órganos**

Os órganos de goberno e de dirección do consorcio son os seguintes:

- Pleno.
- Presidencia.
- Vicepresidencia.
- Consello Asesor.

#### **Artigo 8 .- Pleno**

O Pleno do consorcio, máximo órgano colexiado deste, estará integrado por:

- A persoa titular da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense ou deputado/a en quen delegue.
- A persoa titular da consellería con competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias ou persoa en quen delegue.
- Dous representantes da deputación provincial designados pola mesma.
- Dous representantes da Xunta de Galicia designados pola consellería con competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

Con voz, pero sen voto, asistirán:

- O persoal funcionario que desempeñe as funcións de secretario/a e interventor/a do consorcio.
- A persoa titular da Xerencia do consorcio.

Na designación dos membros deste órgano atenderase, na medida do posible, ao principio de paridade, procurando unha representación equilibrada de homes e mulleres, segundo o previsto na Lei 7/2004, para a igualdade de homes e mulleres na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

Por petición da maioría dos membros con voto do Pleno do consorcio, poderán convocarse, con voz pero sen voto, e coa única finalidade de obter información e asesoramento para casos concretos, os responsables técnicos e membros das administracións ou de entidades públicas ou privadas que se xulguen oportunas.

Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos, sen prexuízo do establecido no artigo 19.1

### **Artigo 9 .- Presidencia e Vicepresidencia**

A persoa titular da Presidencia do consorcio será elixida polo Pleno, por maioría absoluta do número legal dos membros do consorcio. De igual xeito, será elixida a persoa titular da Vicepresidencia.

Os cargos da Presidencia e Vicepresidencia renovaranse cada vez que se renoven os cargos das administracións consorciadas como consecuencia da celebración de eleccións ou outros cambios que se produzan nelas e que así o fixera necesario. A Presidencia exercerá as competencias que se lle atribúen nos presentes estatutos.

As competencias da Presidencia serán exercidas pola Vicepresidencia nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e nos demais que regulamentariamente proceda.

### **Artigo 10 .- Consello Asesor**

1. Para asesoramento e informe das materias que se determinen crease un Consello Asesor integrado do seguinte xeito:

- Presidencia: titular da Presidencia do consorcio ou membro do Pleno en quen delegue.
- Vicepresidencia: titular da Vicepresidencia do consorcio ou membro do Pleno en quen delegue.
- Unha persoa en representación de cada concello onde se instalen os parques que se integren no consorcio.
- Dous representantes da Xunta de Galicia designados pola consellería con competencia en materia de atención ás emerxencias.
- Dous representantes da Deputación Provincial de Ourense designados pola súa Presidencia.
- Dous representantes por proposta da Asociación de Municipios maioritaria na provincia de Ourense.

2. Na designación dos membros deste órgano atenderase, na medida do posible, ao principio de paridade, procurando unha representación equilibrada de homes e mulleres, segundo o previsto na Lei 7/2004, para a igualdade de homes e mulleres na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

As funcións de secretario/a do Consello Asesor serán exercidas pola persoa titular da Secretaría do consorcio, de acordo co previsto no artigo 16 .

### **Artigo 11 . Cesamento dos membros**

Os membros do Pleno e do Consello Asesor, poderán cesar por acordo do mesmo órgano que os nomeou, ou pola perda da condición de membro da institución que representen. Neste último caso, permanecerán en funcións ata que regulamentariamente se nomeasen os novos membros.

### **Artigo 12 . Competencias do Pleno**

1. As atribucións do Pleno serán as seguintes:

- a) A organización do consorcio.
- b) Iniciativa e aprobación da integración de entidades no consorcio.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

- c) A aprobación das ordenanzas e regulamentos.
  - d) A aprobación e modificación dos orzamentos, a disposición de gastos dentro dos límites da súa competencia e a aprobación das contas; todo iso de acordo co disposto na normativa reguladora das facendas locais.
  - e) A aprobación do programa anual de actividades.
  - f) A aprobación da memoria anual de actividades xunto co seguimento, control e valoración.
  - g) A aprobación de convenios, concertos e acordos de cooperación, colaboración ou calquera outro que se estableza coas administracións públicas ou entidades privadas.
  - h) A adquisicións de bens e dereitos, a transacción sobre estes, e a concesión de quitación e espera, dentro dos límites das súas competencias, agás que estas estean atribuídas expresamente por lei a outros órganos.
  - i) O control e fiscalización dos órganos de goberno.
  - j) A aprobación do cadro de persoal, a relación dos postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos empregados públicos, e o número e réxime do persoal propio do consorcio.
  - k) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
  - l) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa do consorcio no referente a competencia plenaria.
  - m) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada no exercicio económico exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios, agás as de tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo iso de conformidade co disposto na normativa reguladora de facendas locais.
  - n) As contratacións e concesións de todo tipo, segundo as competencias que en materia de contratación se establecen para os Plenos das entidades locais de réxime común, de conformidade coa materia vixente nesta materia.
  - o) A aprobación dos proxectos de obra e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estea previsto nos orzamentos.
  - p) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, así coma os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:
    - Cando se trate de bens inmobles ou de bens mobles, que estean declarados de valor histórico ou artístico e non estean previstas no orzamento.
    - Cando estando previstas no orzamento, superen a porcentaxe e a contía que se indican para as adquisicións de bens.
  - q) Aquelas atribucións que deban corresponder ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.
  - r) A alteración da sede do consorcio e o cambio de nome deste.
  - s) A aprobación da forma de xestión do servizo público.
  - t) As demais que expresamente lle atribúan as leis.
2. O Pleno poderá delegar as súas competencias na Presidencia, por resultar o único órgano viable para esta delegación, de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sendo de aplicación o disposto pola normativa de réxime local respecto das competencias susceptibles de delegación.

### **Artigo 13 .- Competencias da Presidencia**

Serán funcións propias da Presidencia as seguintes:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

1. Dirixir o goberno e a administración do consorcio.
2. Representar o consorcio.
3. Convocar e presidir as sesións do Pleno e calquera outro órgano do consorcio, e decidir os empates co voto de calidade.
4. Supervisar o funcionamento administrativo, técnico e operativo do consorcio, en especial a actuación da persoa titular da Xerencia como xefe/a directo desta, dando conta ao Pleno.
5. Elaboración do proxecto de orzamento anual para súa aprobación polo Pleno.
6. Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras nos que a súa titularidade e o seu exercicio corresponde ao consorcio.
7. Autorizar e ordenar gastos e pagamentos con cargo aos orzamentos do consorcio, de acordo coa lexislación vixente e, en xeral, o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, excluindo as recollidas no artigo 158.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios, agás os de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordenar pagamentos e render contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.
8. En materia de persoal:
  - a) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.
  - b) Aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
  - c) Determinar o sistema de distribución daquelas retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
  - d) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, acordar o seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo dos funcionarios/as do consorcio e o despedimento do persoal laboral, dando conta ao Pleno na primeira sesión que realice, así como todas as facultades en materia de persoal que non teña atribuídas o Pleno.
9. O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do consorcio nas materias da súa competencia, incluso cando as delegase noutro órgano e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, e neste último suposto dando conta a este na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.
10. Presidir as poxas e adxudicar provisionalmente o remate.
11. As contratacións e concesións de toda clase, cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
12. A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe e a contía indicadas non seguintes supostos: a de bens inmoebles sempre que estea prevista no orzamento; a de bens móbiles, agás os declarados de valor histórico ou artístico cuxo alleamento non se encontre previsto no orzamento.
13. Ordenar a publicación e execución e facer cumprir os acordos do consorcio.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

14. O exercicio daquelas atribucións que non estean expresamente atribuídas a outros órganos.

15. Rendir contas das operacións levadas a cabo en cada exercicio económico.

16. As demais que expresamente veñan atribuídas na normativa legal aplicable, aos titulares da presidencia de entidades locais, e aquelas que a normativa asigne ás entidades locais sen atribuílas a ningún outro órgano.

O titular da presidencia pode delegar na persoa titular da Vicepresidencia o exercicio das súas atribucións, agás a de concertar operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios/as e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nos puntos 1 e 9 do número anterior.

#### **Artigo 14.- Competencias do Consello Asesor**

Corresponderalle ao Consello Asesor a emisión de informe preceptivo con carácter previo á adopción polo Pleno do consorcio dos seguintes acordos:

- a) Aprobación da memoria anual de actividades xunto co seu seguimento, control e valoración.
- b) Proposta de convenios, concertos e acordos de cooperación, colaboración ou calquera outros que se establezan coas administracións públicas ou entidades privadas.

Así mesmo, o Consello Asesor servirá de comité asesor de protección civil a nivel provincial e entidade de apoio á persoa titular da presidencia do consorcio.

Tamén poderá emitir ditame sobre calquera asunto sempre que sexa solicitado pola persoa titular da presidencia do consorcio ou pola maioría absoluta dos membros do Pleno.

### **CAPÍTULO III OUTROS ÓRGANOS DO CONSORCIO**

#### **Artigo 15.- Xerencia**

1. A Xerencia é o órgano ao que corresponde realizar a xestión ordinaria, é dicir, a técnico-administrativa, dos asuntos de competencia do consorcio, baixo a inmediata dirección e dependencia da persoa titular da Presidencia.

A persoa titular da Xerencia terá a consideración de persoal funcionario ou laboral, dependente de calquera das administracións consorciadas, ou daqueles consorcios comarcais que se integran no consorcio provincial.

2. Serán funcións da Xerencia:

- a) Xestionar os servizos e resolver os asuntos que se lle asignen.
- b) Elaborar e presentar o anteproxecto de orzamentos, que se presentará para a súa aprobación á Presidencia do consorcio, ao máis tardar o primeiro día hábil de setembro do ano anterior ao de vixencia do devandito orzamento.
- c) Elaborar e presentar os plans de actuacións e o programa de necesidades do consorcio.
- d) Prestar asistencia técnica aos órganos colexiados do consorcio.
- e) Emitir informe sobre os asuntos que deban tratarse nas sesións dos órganos colexiados do consorcio.
- f) Exercer o control do persoal ao seu cargo, baixo a dependencia da Presidencia así como propoñer as reformas que supoñan unha mellora do funcionamento, das dependencias e servizos.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

- g) Xestionar a prestación do servizo, instruír os expedientes para adquisición de material e realización de obras e mellora e mantemento do servizo, así como os demais que se refiren ao funcionamento do consorcio.
- h) Proponer á Presidencia do consorcio os pagamentos que deban realizarse.
- i) Elaborar as estatísticas de actividades realizadas, así como a memoria anual acerca do funcionamento, custo e rendemento dos servizos ao seu cargo, proponendo as modificacións encamiñadas a unha maior eficacia do servizo.
- j) Asistir ás sesións dos órganos colexiados con voz e sen voto.
- k) As demais funcións que o Pleno lle encomende.

#### **CAPÍTULO IV RÉXIME FUNCIONAL**

##### **Artigo 16 .- Funcións de secretaría e intervención do consorcio**

A responsabilidade das funcións de fe pública e asesoramento legal do consorcio corresponderá ao Secretario do consorcio. As funcións de control económico e financeiro do consorcio serán exercidas polo Interventor do consorcio. Corresponde ao Pleno do consorcio o nomeamento das persoas que desempeñarán ditos postos entre o persoal funcionario procedente dos entes consorciados.

Non obstante o anterior, de resultar aplicable ao Consorcio a normativa sobre reserva de funcións e provisión de postos de traballo a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, a dita normativa prevalecerá sobre o disposto no parágrafo precedente.

##### **Artigo 17 .- Reunións**

1. O Pleno reunirse en sesión ordinaria unha vez ao semestre.
2. Realizarase sesión extraordinaria por petición da Presidencia cando o considere oportuno ou a petición dun terzo dos membros do Pleno.
3. A Presidencia poderá convocar sesións extraordinarias con carácter urxente. Nas ditas convocatorias non se esixirá a anticipación mínima de 5 días a que se refire o artigo 18.1. Nas sesións extraordinarias urxentes, o Pleno deberá pronunciarse previamente sobre a urxencia da sesión. De non apreciarse a dita urxencia por maioría simple, concluirase acto seguido a sesión. Para estes efectos para o cómputo das maiorías aplicarase o disposto no artigo 19.
4. O Consello Asesor reunirse sempre que así o acorde a Presidencia do consorcio, ou ben o solicite a maioría absoluta dos membros do Pleno do consorcio ou do propio Consello Asesor.
5. O quórum necesario para a constitución válida das sesións será o seguinte:
  - a) Pleno: se require a comparecencia da metade dos seus membros, e ademais a representación das dúas administracións consorciadas, que deberá manterse durante toda a sesión.
  - b) Consello Asesor: requírese maioría absoluta na primeira convocatoria, e en segunda convocatoria a presenza de tres membros.

En calquera caso, para todos eles requirírase sempre un mínimo de tres membros e estar representadas tanto a Xunta de Galicia como a Deputación Provincial de Ourense.

##### **Artigo 18 .- Convocatoria**

1. A persoa titular da Presidencia convocará as sesións cunha anticipación mínima de cinco días e remitirá a orde do día a cada un dos membros do Pleno.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

2. O Pleno quedará validamente constituído coa asistencia dun terzo do número legal dos seus membros que nunca poderá ser inferior a tres. A Presidencia poderá considerar validamente constituído o órgano se está presente un representante de cada unha das dúas administracións consorciadas. O quórum deberá manterse durante toda a sesión.

3. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou das persoas que legalmente os substitúan.

#### **Artigo 19 .- Acordos**

1. Os acordos do Pleno adoptaranse por maioría dos membros presentes, agás os indicados nos números 1.b), 1.d) e 1.j) do artigo 12 , que requirirán maioría cualificada de dous terzos.

2. Os acordos adoptados obrigan a todas as entidades integrantes do consorcio.

#### **Artigo 20.- Persoal**

1. O persoal ao servizo do consorcio estará integrado por:

- a) A persoa titular da Xerencia.
- b) O persoal de prevención e extinción de incendios e salvamento, agás nos casos nos que se opte pola prestación do servizo en réxime de xestión indirecta.
- c) O persoal que atenda ás funcións de secretaría e intervención.
- d) Calquera outro que se estableza, tanto funcionario como laboral, que en todo caso deberá estar recollido no correspondente cadro de persoal.

2. As funcións deste persoal serán as que determinen as normas de réxime interior do consorcio; en todo caso o persoal previsto no punto c) realizará as funcións previstas no artigo 16 dos presentes estatutos.

### **CAPÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO**

#### **Artigo 21 .- Recursos do consorcio**

Para o cumprimento dos seus fins o consorcio disporá do seu propio orzamento, que estará integrado polos seguintes recursos:

- a) As achegas dos entes consorciados.
- b) As subvencións e outros ingresos de dereito público.
- c) As taxas, contribucións especiais e prezos públicos fixados de acordo coa lei.
- d) Ingresos de dereito privado e os bens adquiridos polo consorcio que se integran no seu patrimonio.
- e) O produto de operacións de crédito.
- f) Calquera outro recurso que puidera serlle atribuído de acordo coa lexislación vixente.

#### **Artigo 22 .- Financiamento**

1. O orzamento anual do consorcio financiarase no seu estado de ingresos cos recursos sinalados no artigo anterior. Unha vez determinada a contía dos ingresos procedentes doutras fontes de financiamento distintas das achegas dos entes consorciados, o financiamento do resto do orzamento distribuirase de acordo coas seguintes porcentaxes:

-Xunta de Galicia: 62,5%.

-Deputación Provincial de Ourense: 37,5%.

## Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015

O capítulo de inversión poderá sufrir variacións no cadro de financiamento por acordo da maioría absoluta do Pleno do consorcio. Nestes casos o acordo fixará a súa financiamento.

2. Se durante o exercicio económico se produciren ingresos superiores aos previstos inicialmente no orzamento do consorcio, estes excesos serán dedicados, a criterio do Pleno, a actuacións adicionais ás previstas inicialmente, ou ben a minorar as achegas que lle corresponden ás partes consorciadas.

3. En todo caso, poderase acudir aos mecanismos previstos na lexislación vixente para obter a satisfacción das achegas en caso de que algunha das administracións consorciadas non achegasen en prazo a totalidade das cantidades a que veñen obrigadas por este artigo, e co fin todo isto de facer efectivas estas cantidades.

### **Artigo 23 .- Ingresos das contribucións**

1. Cada ente consorciado obrígase, nos termos previstos no artigo anterior, a consignar no seu orzamento ordinario a cantidade suficiente para atender as súas obrigas económicas relativas ao consorcio.

2. A parte correspondente da cantidade consignada nos orzamentos de cada ente consorciado ingresarase con carácter mensual por doceavas partes na tesourería do consorcio.

### **Artigo 24.- Aprobación do orzamento**

O proxecto de orzamento do consorcio para cada ano deberá ser elaborado e comunicado aos entes consorciados antes do día quince do mes de setembro do ano anterior ao da súa vixencia. Posteriormente o Pleno aprobará o proxecto de orzamento do consorcio e elevarao aos entes consorciados para o seu coñecemento.

## **CAPÍTULO VI RÉXIME XURÍDICO**

### **Artigo 25 .- Adscripción**

O consorcio adscríbese á Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co previsto coa Disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo coa disposición final segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

### **Artigo 26 .- Réxime interno**

A actuación do consorcio rexerese polo establecido nos presentes estatutos e nos regulamentos de organización e réxime interior, que se supeditarán ao ordenamento xurídico vixente.

Para o non establecido nas disposicións anteriores aplicarase a lexislación reguladora do réxime das entidades locais.

### **Artigo 27 .- Lexislación aplicable**

Ás actuacións do consorcio seranlle de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Lei 7/1985, de bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e Real decreto lexislativo 781/1986, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Lei

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, a Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a normativa en materia de contratación do sector público, e demais disposicións legais de aplicación aos entes desta natureza.

**Artigo 28 .- Modificacións, incorporacións**

1. Para a modificación dos estatutos do consorcio e posibles incorporacións ou baixas, seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento que o establecido pola lexislación nacional básica e polos artigos 143 e 144 da Lei 5/1997, para a modificación dos estatutos ou disolución das mancomunidades dos municipios.

**Artigo 29. Exercicio do dereito de separación e efectos. Liquidación do consorcio**

1. Os membros do consorcio poderán separarse do mesmo en calquera momento.
2. Poderá ser motivo de separación o incumprimento dalgunha das obrigas estatutarias e, en particular, aquelas que impidan cumprir co fin para o que foi creado o consorcio, como é a obriga de realizar as achegas previstas no artigo 22 dos estatutos. A tal efecto a Presidencia do consorcio requirirá ao membro que incumpriu as súas obrigas para que proceda a subsanar o incumprimento no prazo máximo que se conceda.
3. O dereito de separación exercitarase mediante escrito dirixido ao Pleno do consorcio, cun ano de antelación sen deixar de cumprir cos compromisos contraídos neste prazo, no que se fará constar o motivo e se a separación se debe a incumprimento das obrigas por parte dalgún dos membros, incumprimento que motiva a separación, a formulación de requirimento previo do seu cumprimento e transcurso do prazo outorgado para cumprir tralo requirimento.
4. O exercicio do dereito de separación producirá a disolución do consorcio, que se tramitará segundo o previsto nos artigos 143 e 144 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. En todo caso será causa de disolución que o obxecto do consorcio regulado no artigo 4 dos estatutos deixe de ser competencia dalgunha das administracións consorciadas.
5. O Pleno do consorcio ao adoptar o acordo de disolución nomeará un liquidador. A falta de acordo, o liquidador será o administrador do consorcio.
6. O liquidador calculará a cota de liquidación que corresponda a cada membro de conformidade co previsto no artigo 22 dos estatutos; correspondéndolle ao Pleno do consorcio o acordo de aprobación da liquidación e distribución do patrimonio e a forma e condicións en que terá lugar o pago da cota líquida no suposto en que esta resulte positiva.
7. Así mesmo o Pleno do consorcio poderá acordar, previo acordo favorable do Pleno da Deputación Provincial de Ourense e do Consello da Xunta de Galicia, a cesión global de activos e pasivos a outra entidade xuridicamente adecuada coa finalidade de manter a continuidade da actividade e acadar os obxectivos do consorcio, que se liquida.

**Artigo 30 .- Informe anual**

O consorcio facilitará aos entes consorciados un informe anual sobre a propia xestión e prestará a súa cooperación e asistencia cando sexa requirida.

**Disposición adicional**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

O consorcio iniciará o seu funcionamento cos parques comarcais de Valdeorras, Verín, A Limia, e O Carballiño-O Ribeiro; a localización do resto dos parques, de ser o caso, deberá ser aprobada previamente pola Deputación Provincial de Ourense e a Xunta de Galicia.

**Disposición transitoria primeira**

No prazo máximo de tres meses dende a entrada en vigor deste decreto os Consorcios Comarcais de Valdeorras, Verín, A Limia e O Carballiño -O Ribeiro deberán desenvolver a correspondente sesión plenaria para a súa disolución e integración no Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aportando os medios técnicos e os recursos cos que contén. Os bens, dereitos e obrigas contractuais vixentes asumidas polos consorcios comarcais, logo da súa integración quedarán asumidas polo consorcio provincial.

**Disposición transitoria segunda**

Como consecuencia do proceso de integración anterior, o consorcio provincial asume os bens, dereitos e obrigas contractuais dos citados consorcios comarcais, así como o persoal de xerencia existente, polo que resolverá o que proceder respecto da integración deste persoal a través da creación das correspondentes relacións de postos de traballo no seu cadro de persoal, acorde coas exixencias da configuración territorial que abrangue o ámbito de actuación dos parques de bombeiros.

**Disposición derradeira**

Unha vez publicados no Diario Oficial de Galicia os presentes estatutos, o titular da Presidencia da Comisión Xestora procederá no prazo máximo de dous meses á convocatoria da sesión constitutiva do Pleno do consorcio, na que se elixirán as persoas titulares da Presidencia e Vicepresidencia do mesmo, do xeito establecido no artigo 9 dos estatutos, iniciándose o seu funcionamento.

2º.- Notificarlles este acordo aos interesados conforme coa normativa vixente.

3º.- Comunicarlle a aprobación definitiva á Xunta de Galicia para a adopción do acordo que proceda.

4º.- Designar como representantes da Deputación Provincial no Pleno do Consorcio, ademais do presidente (ao que lle corresponde a dita representación en todo caso, conforme co artigo 8 dos estatutos), ás seguintes persoas:

**Titular:**

- D. Plácido Álvarez Dobaño, deputado provincial do Grupo Popular.

**Suplente:**

- D. Argimiro Marnotes Fernández, deputado provincial do Grupo Popular

**Titular:**

- D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

**Suplente:**

- D. Leopoldo Rodríguez Puga.

**9º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE XANEIRO DE 2015 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE NOVEMBRO E 1º DE DECEMBRO DE 2014.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de xaneiro de 2015, e dos seguintes adicionais: 2º de novembro e 1º de decembro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

**10º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE XANEIRO DE 2015 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE NOVEMBRO E 1º DE DECEMBRO DE 2014.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de xaneiro de 2015 e dos seguintes adicionais: 2º de novembro e 1º de decembro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

**11º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** A Presidencia anuncia que hai presentadas tres mocións.

**11A.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.-**

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Morenza Doforno para que expoña o contido da seguinte moción:

*“Commemoramos o 8 de marzo como Día Internacional das Mulleres, có tradicional carácter festivo e ó mesmo tempo reivindicativo que esta xornada supón. Aínda que este ano, lamentablemente, temos pouco que celebrar. O Goberno do PP empregou a crise como escusa para dismantelar as políticas de igualdade. Ó longo da lexislatura, Rajoy gobernou contra as mulleres hasta o punto que podemos asegurar que esta foi a lexislatura da desigualdade.*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

*A ofensiva do goberno do PP contra as mulleres desenvolveuse en catro fronteas. Á desaparición de organismos e políticas específicas en igualdade, hai que sumarlle os recortes orzamentarios, as reformas consideradas como "neutras" (reforma laboral, redución de postos de traballo no sector público, adelgazamento do estado de benestar ou desmantelamento dos servizos públicos esenciais) e as reformas ideolóxicas (lei de educación, anteproxecto de corresponsabilidade parental, reforma do Código Penal ou anteproxecto de modificación da lei do aborto –retirado pero non así a ameaza de modificación da actual lei en vigor nin o recordo de anticonstitucionalidade) que en conxunto, supoñen un enorme retroceso en dereitos de cidadanía das mulleres.*

*A diminución da partida para Igualdade nos Orzamentos foi unha constante. Dende que goberna o PP, recortouse un 33% en xeral e un 22% os orzamentos na loita contra a violencia de xénero. Nesta lexislatura, España caíu 19 postos no informe sobre a fenda de xénero que realiza cada ano o Foro Económico Mundial. A peor nota obtena en oportunidades económicas onde ocupa o posto 84. Neste área, que tin en conta la igualdade salarial, España perdeu oito postos nun ano. Datos que evidencian as consecuencias da combinación das políticas do PP, especialmente a reforma laboral, cos recortes en servizos sociais e cuxa primeira consecuencia é que están expulsando ás mulleres do mercado de traballo: nesta lexislatura perdéronse 162.000 empregos femininos.*

*O número de mulleres desempregadas incrementouse en 204.400 e a taxa de paro chegou a situarse en torno ó 27%. Por primeira vez en 40 anos está caendo a poboación activa feminina e a taxa de actividade en 2014 baixou hasta o 53,9 por cento. Hai 43.000 mulleres activas menos que a finais de 2011. De feito, España atópase entre os países con menos mulleres empregadas: só o 54,7 por cento da poboación feminina entre 20 y 64 anos.*

*Ademais de traballar menos, o PP precarizou a situación laboral das mulleres empregadas: o 74% das persoas ocupadas a tempo parcial son mulleres e no que levamos de lexislatura perdéronse 392.000 empregos a tempo completo. Iso significa que no cuarto trimestre de 2014, máis de dous millóns de mulleres traballaban a tempo parcial fronte a 730.000 homes. Dende que goberna o PP intensificouse a destrución de emprego feminino indefinido: 50.600 empregos indefinidos menos.*

*A fenda salarial chega a acadar o 24% por cento nesta lexislatura. Unha fenda que aumenta especialmente na idade de xubilación, pasando do 24 ó 39%. A día de hoxe a pensión media dos homes é de 1.178 euros ó mes fronte ós 723 euros ó mes da pensión media das mulleres.*

*O PP non ten realizado ningún tipo de políticas de conciliación. En 2013 o 95% das excedencias por coidado de fillos correspondeu a mulleres e por coidados de familiares máis do 85%. Fronte a un goberno que fixo recaer sobre as mulleres a parte máis dura da crise e o deterioro do mercado laboral, dende o PSOE apostamos pola paridade, pola corresponsabilidade, por eliminar a fenda salarial, o déficit no emprego das mulleres e a precarización das súas vidas. Apostamos por defender os dereitos sexuais e reprodutivos e polo dereito das mulleres a unha vida libre de violencia.*

*Este 8 de marzo, as mulleres e os homes socialistas reiteramos o noso compromiso en defensa da igualdade entre mulleres e homes e facemos un chamamento a toda a cidadanía, ás institucións e ás organizacións para que se sumen á conmemoración do Día Internacional das Mulleres.*

*Por todo elo é que o Grupo Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

*Esixir ó Goberno de España :*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

- *Repor todos os recursos recortados en políticas de igualdade e na loita contra a violencia de xénero.*
- *Reforzar a prevención en violencia de xénero e facer especial fincapé en evitar a violencia na xuventude*
- *Repor os organismos e políticas específicas de igualdade desmanteladas*
- *Derrogar a Reforma Laboral*
- *Derrogar a Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local*
- *Retirar o Anteproxecto de Corresponsabilidade Parental*
- *Manter a Lei actual de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo (en todos os seus termos, incluída a regulación para as menores de idade) e facer o desenvolvemento do articulado relativo á Saúde Sexual”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 11A da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro A](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (13).

Seguidamente, e a pedimento do portavoz do BNG, don Leopoldo Rodríguez Puga, e co acordo unánime de todos os membros da Corporación presentes na sesión, trátase a moción que se presentou en último lugar, relativa aos doentes de hepatite C.

**11B.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á PRESCRICIÓN DOS FÁRMACOS DE ÚLTIMA XERACIÓN A PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C.-**

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. Presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga, para que expoña o contido da seguinte moción:

*“A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. Calcúlase, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado español. Até recentemente os medios de tratamento dispoñíbeis producían altas taxas de fracaso terapéutico, para alén de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves. Déronse, ademais, numerosos casos de doentes que non podían someterse a eles por intolerancia a algún dos fármacos empregados.*

*Como consecuencia, na actualidade hai na Galiza unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C, que non están sendo tratadas, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.*

*Esta situación viuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi o feito de a axencia europea do medicamento (EMA)*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

*aprobar, a principios do ano 2014, o Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.*

*O día 24 de setembro de 2014 a, daquela, ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que @s facultativ@s o puidesen prescribir a aquelas persoas enfermas que o precisaren. A ministra naquela altura acrecentou que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e comunicou que en outubro poderían dispor médicos/as dese medicamento en todo o territorio do Estado español, para o aplicar aos/ás pacientes que o precisasen.*

*Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados, no caso galego, pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade.*

*A día de hoxe sucédense as declaracións públicas de hepatólogos/as a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes para aplicar no territorio do Estado español nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.*

*Por outra parte, o desacougo, a alarma e as queixas dos/as doentes de hepatite C, particularmente das persoas postransplantadas non negativizadas e das que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non se inclúe dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos/as seus hepatólogos/as, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, é rexeitada ou non contestada.*

*En datas recentes PLAFHC asistiu á reunión convocada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade na que se presentou o borrador do Plan Estratéxico para a Abordaxe da Hepatite C. , que recolle a meirande parte das reivindicacions platexadas pola Plataforma.*

*O BNG é conscente que a loita iniciada a primeiros de setembro pola PLATAFORMA, foi decisiva no resultado final do borrador presentado polo Comité de Expertos.*

*Sin embargo, para nós quedan moitas respostas convincente por parte do goberno do Estado e da Xunta a respecto de cuestión claves como o financiamento que permita facer viable o PLAN, o calendario co inicio do subministro destes fármacos e a garantía de que a Xunta cumpla o PLAN dos expertos.*

*Por estes motivos, o BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

*Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de Hepatite C que o precisaren, de acordo co criterio dos médicos/as especialistas.*

*Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.*

*Instar ao Goberno galego a suprimir a subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade, que valora a quen se lle aplican os*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

*tratamentos, por constituír un parapeto da administración e a coartada perfecta para negarlle o tratamento aos afectados/as.*

*Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellaría de Sanidade e aos grupos parlamentares do Parlamento galego”.*

Na súa quenda de intervención, **D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG**, solicita da Presidencia que autorice aos representantes da plataforma de afectados pola hepatite C para que ocupen os escanos do seu grupo e empregar o tempo de intervención para que poidan dirixirse ao Pleno.

A continuación prodúcense as intervencións (incluídas as dos representantes da plataforma de afectados pola hepatite C, **dona Olga Suárez Novelle e don Raúl Auñón Muros**) que se recollen no punto 11B da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro B](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e por unanimidade dos vinte e catro membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar ao Goberno galego para que se dirixa ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de hepatite C que o precisaren, de acordo co criterio dos médicos/as especialistas.
- Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.
- Instar ao Goberno galego a suprimir a subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade, que valora a quen se lle aplican os tratamentos, por constituír un parapeto da administración e a coartada perfecta para negarlle o tratamento aos afectados/as.
- Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellaría de Sanidade e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

**11C.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á SITUACIÓN ACTUAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DO COLEXIO SALESIANOS.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da seguinte moción:

*“Na comisión informativa de contas, facenda e economía, celebrada na Deputación de Ourense en data 21 de setembro de 2009, debatíase unha proposta da Presidencia, en relación cun expediente de modificación de créditos, no cal se lle concede a Club deportivo Ourense unha subvención de 400 mil euros para campo de fútbol, formación e adestramento, en convenio co colexio privado Salesianos, proposta que foi ratificada no Pleno da Deputación, celebrado o 25 de setembro, cos votos favorables do Partido Popular, vota a favor do ditame da comisión informativa, e, por tanto, da concesión da subvención.*

*O BNG votou en contra, manifestando que detrás desta subvención había trampa, por canto o colexio privado Salesianos ía mellorar unha instalación súa, a costa do erario público, por máis que permitira a utilización, fora do horario lectivo, da base de club deportivo Ourense, feito que ademais constituía un agravio comparativo co resto de clubs da provincia.*

*Coa desaparición de club deportivo Ourense, o convenio con Salesianos queda sen efecto, porque non hai ningún club que supoña a continuidade do club desaparecido, polo que na práctica, ningún club da Provincia tería dereito a utilizar as anteditas instalacións.*

*Parece sensato pensar que, a pesares de atoparse o desaparecido Club Deportivo Ourense en concurso de acredores, unha inversión tan importante de diñeiro de todos os contribuíntes puidera servir para que esas instalación estiveran a servizo do público, dada a carencia de infraestruturas existentes na actualidade e a demanda por parte de distintos clubs para a súa utilización.*

*Por todo o anterior exposto, SOLICITAMOS do Pleno da Deputación a adopción do seguinte ACORDO*

*A Deputación Provincial de Ourense en combinación co Concello de Ourense, realizarán todas as actuacións necesarias para adquirir os dereitos que lle correspondían a Club Deportivo Ourense sobre o campo de Salesianos, para poñelo a disposición dos equipos de Ourense que carezan de instalacións propias e demanden o seu uso”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 11C da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro C](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, e por unanimidade dos vinte e catro membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- A Deputación Provincial de Ourense en combinación co Concello de Ourense, realizarán todas as actuacións necesarias para adquirir os dereitos que lle correspondían a Club Deportivo Ourense sobre o campo de Salesianos, para poñelo a disposición dos equipos de Ourense que carezan de instalacións propias e demanden o seu uso.

**12.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

**D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG**, en relación co videoclip que ven de gravar o cantante Alejandro Sanz, utilizando distintos escenarios da provincia de Ourense queren preguntar: Cal foi a achega económica que fixo a Deputación á produtora do artista e en concepto de que se fixo tal achega? Cales foron os escenarios escollidos polo cantante para a gravación? Cómo pensa a Presidencia que vai repercutir a gravación na promoción de Ourense?

**O Sr. presidente** responde que a Deputación non fixo ningunha achega á produtora nin ao artista, senón que asumiu os custos do aloxamento das doce persoas que compoñían o grupo artístico por importe de 2.970 euros e en concepto de comidas e ceas por importe de 1.700 €, o que fai un total de 4.670 euros correspondentes a dúas facturas de empresas de Ourense. En canto aos escenarios escollidos di que foron os que se suxeriron desde esta Deputación, pero que aínda non pode desvelar porque a estrea a nivel mundial será o día 2 de marzo. Manifesta que a Presidencia da Deputación pensa que este acto vai repercutir positivamente na provincia de Ourense.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que se o custo para a Deputación foi o importe que dixo o Sr. presidente, o seu grupo pensa que si vai repercutir positivamente para a provincia de Ourense. Pregunta se as xestións para chegar a isto se fixeron antes por escrito ou se a produtora xa tiña como obxectivo vir a esta provincia. Quere facer un rogo en relación cunhas fotos que circulan nas redes sociais relativas á cuestión da que se fala e pensa que os representantes públicos non deben facer alardes nas redes sociais coas súas familias, porque son para ego persoal e nada teñen que ver co labor da institución.

Pregunta tamén se o presidente está ao tanto de que o Concello de Boborás teña asinado un convenio este ano para revisión catastral, posto que xa se facía antes.

**O Sr. presidente** responde, en canto ao Concello de Boborás, que se informará e que lle contestará en canto teña a información. En canto ao outro tema di que esa cuestión xa estaba proposta hai tempo tanto coa propia produtora como co propio cantante. Estamos a falar de alguén que leva vendidos máis de vinte e cinco millóns de discos e que ten máis de doce millóns e medio de seguidores en twitter, aos que onte xa lles chegou Ourense aínda sen estrearse o videoclip. En canto ao rogo sobre as fotos nas redes sociais, manifesta que en todo momento se respectou a confidencialidade durante os catro días que estivo o artista na provincia e que toma nota do rogo e espera que este acto supoña un retorno económico e social para a provincia de Ourense.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista**, manifesta que no seu concello (Petín) se recibiu o seguinte comunicado: “*La Junta de Gobierno de la FEMP, en su reunión del 24 de*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 27 de febreiro de 2015</b>
--

*febrero de 2015, manifestó su apoyo al Alcalde Mayor de Caracas, Dr Antonio Ledezma, mediante la aprobación de la siguiente Resolución: 1.- La FEMP se suma a la preocupación de la comunidad internacional y de las instituciones de Derechos Humanos ante el aumento creciente de la práctica de la detención y privación arbitraria de la libertad Alcaldes y de dirigentes políticos opositores en Venezuela y solicita al Gobierno de ese país un comportamiento acorde a lo que se entiende por un Estado de Derecho. 2.- La FEMP expresa públicamente su solidaridad con el Sr. Antonio Ledezma, Alcalde metropolitano de Caracas y solicita su inmediata liberación así como la de todos los Alcaldes detenidos por manifestar libremente sus ideas. 3.- La FEMP dará traslado de esta resolución al CONGRESO DE PODERES LOCALES Y REGIONALES DE EUROPA, AL COMITÉ DE LAS REGIONES y al CONSEJO DE MUNICIPIOS Y REGIONES DE EUROPA (CMRE) solicitando que estos órganos europeístas manifiesten públicamente su apoyo a los Alcaldes venezolanos detenidos por expresar públicamente sus ideas. Desde la Federación, y a propuesta de su Junta de Gobierno, se invita a todas las Entidades Locales adheridas a mostrar su respaldo a esta Resolución.” Por todo isto pide que desde a Deputación se apoie esta iniciativa.*

O Sr. **presidente** responde que toma nota do rogo, pero que á Deputación aínda non chegou ningunha comunicación nese sentido da FEMP. No momento que chegue poderá avaliarse e ver o que se pode facer, incluso nunha Xunta de Portavoces.

As intervencións íntegras que se recollen no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)

E, ás 14.10 horas do citado día vinte e sete de febreiro de dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**